



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA) E OS SOCIOS PARTICIPANTES NO PROXECTO “DESARROLLO DE ESTRUCTURAS MULTIMATERIAL PARA APLICACIONES OFFSHORE CON SOLICITACIONES SEVERAS DE FATIGA Y DURABILIDAD EN AMBIENTE MARINO”- (MIAMI)”

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, _____, en nome e representación do Instituto Enerxético de Galicia, en adiante Inega, con domicilio na rúa Avelino Pousa Antelo, núm. 5 (15707 Santiago de Compostela) e na súa calidade de director deste, cargo para o que foi nomeado polo Decreto 235/2012, do 5 de decembro, facendo uso das facultades do seu cargo e das que lle foron conferidas en virtude das atribucións que lle confire a Resolución do 10 de marzo de 2017 pola que se delegan competencias atribuídas á persoa titular da Presidencia da Axencia Inega (DOG núm. 60, do 27 de marzo).

E doutra parte os socios participantes no proxecto “DESARROLLO DE ESTRUCTURAS MULTIMATERIAL PARA APLICACIONES OFFSHORE CON SOLICITACIONES SEVERAS DE FATIGA Y DURABILIDAD EN AMBIENTE MARINO”- (MIAMI)”:

_____ en representación da empresa Elaborados Metálicos EMESA,SL; con CIF B-70171665 e domicilio social no parque empresarial de Coirós, Parcela 9, 15316 A Coruña.

_____ en representación da empresa Teais, SA, con CIF A-15062185 e domicilio social na Avda da Enerxía, parcela 153, 15143 Arteixo (A Coruña).

_____ en representación da empresa Ghenova Ingeniería,SL; con CIF B-91552851 e domicilio social na Avda de Esteiro, 56-58, entrechán, 15403 Ferrol (A Coruña).

Manuel Mora Pena, en representación da empresa Galventus Servicios Eólicos,SL; con CIF B-36584829 e domicilio social na Avenida José Costa Alonso, núm. 34, 1º, 36950 Moaña (Pontevedra).

_____ en representación da empresa Fiberglas,SA; con CIF A-15016140 e domicilio social na Avda da Praia 109, polígono industrial de Sabón, 15142 Arteixo (A Coruña).



As partes, recoñécense mutuamente, na representación que ostentan, suficiente capacidade legal para a formalización do presente Convenio

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- A Demarcación de Costas del Estado en Galicia mediante a Resolución do 15 de abril de 2015, autorizou ao Instituto Enerxético de Galicia á ocupación temporal, con destino á experimentación con dispositivos para aproveitamento da enerxía do mar para xerar enerxía eléctrica, dunha superficie de dominio público marítimo terrestre situada nas proximidades do Porto Exterior de A Coruña (concello de Arteixo) delimitada polos vértices de coordenadas:

<u>Vértice Poligonal</u>	<u>UTM X</u>	<u>UTM Y</u>
V01	541.389	4.802.970
V02	542.134	4.801.844
V03	541.265	4.801.300
V04	539.000	4.801.430
V05	540.194	4.802.200

SEGUNDO.- D. Luis Mingo Martín, D. Ernesto Antelo Pensado, D. Carlos Alejo García-Mauricio, D. Manuel Mora Pena e D. José Antonio Fariña Eiroa, en representación do Consorcio MIAMI presentaron no Inega o 8 de maio de 2018, co número de Rexistro de entrada 217/RX 1240462 e o 18/02/2019 con Rexistro de entrada 39/RX 342777, a solicitude para a autorización temporal para probar e ensaiar na Zona Experimental de Punta Langosteira en A Coruña, un demostrador dun compoñente multimaterial con elevados requirimentos estruturais para o sector eólico offshore. Trátase polo tanto, de realizar probas de durabilidade de materiais para aplicacións off-shore en condicións severas de fatiga en ambiente mariño. Non existirá ningunha interconexión con redes eléctricas para o seu transporte e consumo en terra firme.

O demostrador experimental (I+D) está financiado polo Programa Feder-Innterconecta, co número de identificación ITC-20161095, convocatoria 2016, publicada no BOE do 29 de abril de 2016.

TERCEIRO.- O obxectivo dos ensaios e probas do demostrador do novo compoñente multimaterial para a industria eólica offshore é estudar o seu comportamento e validar o uso dunha combinación de aceiro-composite cun sistema de protección de biofouling e corrosión sobre unha estrutura a escada 1:5 monitorizada durante 12



meses en condicións reais en mar aberto, polo que socios participantes no proxecto solicitan fondear o equipo e finalmente será desmontado.

Xunto coa solicitude, os promotores achegaron copia dun dossier con información relativa á instalación do demostrador no parque experimental de Punta Langosteira, planos, proxecto de seguro de responsabilidade civil, documento de asistencia técnica para operacións de fondeo do demostrador e plan de continxencias e avaliación do riscos. Nesta documentación figuran as características técnicas do demostrador que se vai ensaiar, unha descrición da zona na que se solicita realizar os ensaios, identificando os principais riscos, unha avaliación dos mesmos e o deseño de plans de continxencias para aqueles máis relevantes.

CUARTO.- Segundo o disposto no artigo 8.1 do Decreto 142/2016, do 22 de setembro, polo que se modifican as normas reguladoras do Instituto Enerxético de Galicia e se aproban os estatutos da Axencia Instituto Enerxético de Galicia, corresponde ao Inega o exercicio, entre outras, das seguintes funcións:

“f) fomentar e participar en programas e proxectos de investigación e desenvolvemento de tecnoloxías enerxéticas, bens de equipamento e servizos relacionados coa enerxía.

g) Fomentar e participar na avaliación e implantación de sistemas de produción de enerxía baseados en recursos endóxenos, con especial promoción dos que utilicen enerxías renovables e de coxeración.

.....

p) Impulsar e realizar o seguimento de proxectos innovadores con carácter demostrativo no ámbito da enerxía”.

QUINTO.- O equipo técnico do Instituto Enerxético de Galicia (Inega) logo de analizar a documentación achegada polos socios promotores do proxecto MIAMI, e de acordo coa Resolución do 15 de abril de 2015 da Demarcación de Costas del Estado en Galicia solicitou o 14 de maio de 2018 os informes preceptivos aos seguintes organismos:

- Demarcación de Costas do Estado en Galicia, obtendo resposta favorable o 23 de maio de 2018.
- Capitanía Marítima de A Coruña, contestando o 8 de xuño de 2018 que autoriza á instalación e fondeo do demostrador dentro da zona experimental autorizada, pero observando as condicións establecidas no escrito de 11 de setembro de 2014 que figuran no expediente de autorización da zona experimental (ver punto 9).
- Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, obtendo resposta favorable o 20 de xuño de 2018, se ben recomenda un seguimento continuo do proceso en previsión dos posibles efectos contaminantes.



- Servizo de Conservación da Natureza da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, informando o 23 de maio de 2018 de que esa administración non resulta competente no ámbito experimental mariño definido na documentación, e indicando que correspóndelle á Administración Xeral do Estado o exercicio de competencias en materia de biodiversidade.
- Concello de Arteixo, non contestou, porque de acordo co seu escrito do 7 de abril de 2017 en relación co Proxecto LIFE-DEMOWAVE, os ensaios que se pretenden levar a cabo non son actos nin suxeitos a licenza nin a acto comunicado e pola situación (na mar) exceden da competencia territorial do Concello.
- Autoridade Portuaria de A Coruña, recibíndose contestación o 18 de xuño de 2018, indicando que a zona experimental non se atopa dentro da zona de servizo do Porto de A Coruña, polo que non é necesario conceder ningún tipo de autorización por parte da Autoridade Portuaria de A Coruña.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O obxecto deste convenio é a realización dos ensaios do prototipo MIAMI de acordo co proxecto técnico presentado na Demarcación de Costas do Estado en Galicia na zona referenciada no expoñendo primeiro, con destino único e exclusivo ás actividades de proba e ensaio recollidas na parte expositiva.

SEGUNDA.- Resulta de aplicación o recollido no punto 3 das prescricións particulares da referida resolución da Demarcación de Costas do Estado en Galicia de autorización de ocupación temporal onde se di textualmente: "... la necesidad de que por parte de la Consellería de Economía e Industria se presenten a la propia Consellería de Medio Rural e do Mar informes previos de las características técnicas de los diferentes tipos de ensayo que se vayan a realizar en cada momento, de la localización concreta y características de los dispositivos e instalaciones necesarias para su funcionamiento, etc...., a fin de que por la citada Consellería de Medio Rural e do Mar se pueda emitir informe pertinente sobre cada prototipo de experimentación".

TERCEIRA.- Así mesmo, no punto 6 das prescricións particulares da devandita resolución indícase que "con carácter previo a la instalación del balizamiento o al fondeo de artefactos se deberá informar, en cada caso, a la Capitanía Marítima de A Coruña, Demarcación de Costas del Estado en Galicia y a la Autoridad Portuaria de A Coruña a efectos del control del balizamiento, seguridad en la navegación y coordinación con otras actividades que pudieran estar previstas en la zona".

CUARTA.- O proxecto MIAMI presentado cumpre cos requisitos necesarios para autorizar temporalmente o fondeo e ensaio do prototipo. Porén, durante o período de vixencia desta autorización deberá adoptar as seguintes prescricións e condicións:

- a) Garantir a integridade do dominio público marítimo terrestre, zonas de servidume de protección e tránsito; debendo prestar especial atención a evitar calquera tipo de vertido ao mar e aplicando as medidas que sexan necesarias para evitar o aumento da turbidez das augas, efecto sobre a dinámica litoral,
- b) Garantir a seguridade de persoas e bens, con especial mención á necesidade de sinalar e balizar o dispositivo segundo a normativa de aplicación.
- c) Os equipos fondeados non deberán conter material contaminante algún e os promotores deberán subscribir unha póliza de seguros a fin de cubrir posibles danos a terceiros e/ou ambientais en caso de fallo do sistema de fondeo ou dos traballos de remoción ou recuperación do artefacto experimental ou elementos propios de balizamento.
- d) Informar, previamente ao fondeo do prototipo, en cada caso, á Capitanía Marítima de A Coruña, á Demarcación de Costas del Estado en Galicia e á Autoridade Portuaria de A Coruña, a efectos do control do balizamento, seguridade na navegación e coordinación con outras actividades que puideran estar previstas na zona.
- e) Permitir á Demarcación ou Servicio de Costas inspeccionar en todo momento as obras de instalación do prototipo, de cara a comprobar que se axustan ás condicións nas que se outorga a autorización. En caso de apreciarse á existencia de incumprimento, ordenaríase a paralización das obras da forma establecida na Ley de Costas, podéndose incoar os expedientes que correspondan.

QUINTA.- Os socios do proxecto subscribirán unha póliza de aseguramento de responsabilidade civil que garanta posibles danos a terceiros na que o Inega será o beneficiario e o asegurado desta póliza e que se manterá durante todo o período de vixencia deste convenio. Deberá entregarse copia da mesma ao Inega no prazo de dez días desde a sinatura do presente convenio.

SEXTA.- Este convenio outórgase con carácter gratuíto na ubicación da Zona Experimental cuxas coordenadas UTM (demostrador e fondeos) son as que figuran na seguinte táboa:



<u>Elemento</u>	<u>UTM</u>	<u>UTM X</u>	<u>UTM Y</u>
Demostrador	29T	540.000	4.801.700
Fondeo 1	29T	540.026.3	4.801.726.8
Fondeo 2	29T	539.973.7	4.801.673.2

SÉTIMA.- A sinatura do presente convenio non implica a asunción de responsabilidades polo Inega en relación co proxecto e a execución das obras e instalacións, tanto respecto de terceiros como aos promotores do proxecto.

OITAVA.-Para o seguimento e cumprimento do presente convenio, designarase, de común acordo entre as partes, unha comisión de seguimento e control formada por un representante do Inega e un representantes dos socios integrantes do Proxecto MIAME e que terá como misión:

- Velar pola correcta aplicación e desenvolvemento do convenio.
- Informar e presentar propostas sobre a marcha e necesidades do proxecto e actuacións que se aborden.
- Resolver as diverxencias que xurdan da interpretación e aplicación do convenio.

Sen prexuízo das funcións da comisión de seguimento, as eventuais controversias que poidan xurdir, serán de competencia e de coñecemento da orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

NOVENA.- O presente convenio poderá ser resolto:

- a) Por acordo mutuo das partes.
- b) Imposibilidade sobrevida de cumprir o obxecto do Convenio.
- c) Incumprimento do disposto nas cláusulas do convenio
- d) Revogación da antedita autorización do 15 de abril de 2015 da Demarcación de Costas do Estado en Galicia a favor do Inega
- e) Incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte de un dos *asinantes*.

Neste caso, unha parte poderá notificar a parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento comunicarase ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e



control da execución do convenio, e en caso de existir, as demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte asinante a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados.

DECIMA.- Os socios do proxecto deberán exercer por si mesmos as actividades recollidas no obxecto do presente convenio e non ceder ou traspasar a terceiros sen o consentimento do Inega.

UNDÉCIMA.- A vixencia do convenio será desde a súa sinatura e ata o 14/04/2019, data de finalización da autorización de Demarcación de Costas en Galicia a favor do Inega.

Antes da finalización da vixencia os socios do proxecto deberán abandonar e deixar libre a zona.

DÉCIMO SEGUNDA.- O presente convenio ten natureza administrativa, quedando fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014; sen prexuízo da aplicación dos principios e criterios da devandita Lei para resolver as dúbidas ou lagoas que puidesen presentar.

O presente convenio rexerá polas súas cláusulas e polo Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, publicado por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991, sobre convenios de colaboración con outros entes públicos e con particulares; polas disposicións que en materia de convenios se recollen na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

En proba de conformidade, asínase polas partes no lugar e data indicados no encabezamento.

O Director do Inega

Elaborados Metálicos EMESA,SL



XUNTA
DE GALICIA



inega Instituto Enerxético
de Galicia

Avelino Pousa Antelo nº5 – San
Lázaro
15707 – Santiago de Compostela
981 54 15 00
<http://www.inega.gal>



Teais, SA

Ghenova Ingeniería,SL

Galventus Servicios Eólicos,SL

Fiberglas,SA